



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES OU EXTRACURRICULARES NON REMUNERADAS DO ALUMNADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO NAS BIBLIOTECAS, ARQUIVOS E MUSEOS XESTIONADOS POLA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Cultura prevé formalizar coa Universidade de Vigo o instrumento convencional arriba referido para a realización de prácticas académicas externas curriculares ou extracurriculares non remuneradas do alumnado da Universidade de Vigo nos arquivos, bibliotecas e museos xestionados pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A colaboración da consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades coa Universidade de Vigo ten por obxecto a realización de prácticas académicas externas do alumnado da Universidade de Vigo das facultades de Historia e Belas Artes nos arquivos, bibliotecas e museos xestionados pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para dar satisfacción ás demandas de formación práctica do alumnado universitario da UVIGO.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar basease no seguinte:

Primeiro:

A colaboración entre arquivos, bibliotecas e museos, centros dependentes e xestionados pola consellería e as universidades é unha práctica cada vez máis estendida, dada a complementariedade existente entre o ensino regulado da universidade e a acción didáctica informal, pero continua, dos centros mencionados.





O contido das prácticas proporciona ao alumando universitario a oportunidade de combinar os coñecementos teóricos cos de contido práctico, adquirindo as competencias necesarias para a súa inserción no mundo laboral cun mínimo de experiencia.

Segundo: A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, dentro dos seus ámbitos de competencias, amósase receptiva a todas aquelas iniciativas culturais que teñan por obxecto a promoción e difusión da cultura, do patrimonio cultural.

Este convenio **carece de repercusión económica** polo que non implica a adquisición de ningún tipo de obrigas por parte da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio mencionado con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

O Director Xeral de Cultura

Anxo Manuel Lorenzo Suárez

